



O Software Libre nos concellos de Galicia.
Resumo executivo. Edición 2017



Índice

	Páxina
1. Ficha técnica.....	3
2. Análise de datos.....	4
3. Conclusións principais.....	20



1. Ficha técnica

- **Universo:** Todos os concellos galegos (313 concellos)
- **Tamaño da mostra:** 199 enquisas.
- **Período de referencia da enquisa:** Último trimestre do ano 2017
- **Tipo de mostra:** Estratificada. Segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. A asignación inicial da mostra foi proporcional, se ben, foi preciso realizar unha ponderación posterior para a análise de datos.
- **Erro da mostra:** No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5%, o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é do 4,28%.
- **Tipo de entrevista:** Cuestionario electrónico (Internet).
- **Periodicidade da enquisa:** Cada dous anos.



2. Análise de datos






SOFTWARE LIBRE / SOFTWARE PRIVATIVO NALGÚN EQUIPO INFORMÁTICO

EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Concellos con Software Libre / Software privativo nalgún equipo informático
(% sobre o total de concellos)



EVOLUCIÓN do Software Libre:

Período 2013-2017: +8,7 puntos

Último ano: +5,6 puntos

Fonte: OSIMGA


O **88,2%** dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou servidores, **amentando 5,6 puntos** porcentuais respecto á edición anterior. Noutra banda, atopamos unha redución do software privativo de 1,8 puntos.



SOFTWARE LIBRE / SOFTWARE PRIVATIVO NOS ORDENADORES DE USUARIO

EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Concellos con Software Libre / Software privativo nos ordenadores de usuario
(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA

Durante o ano 2017, o 81,5% dos concellos contan co ambas tipoloxías de software, Libre e Privativo, nos seus ordenadores, aumentando esta porcentaxe en 6,8 puntos.


Este crecemento de presenza de ambos tipos de software vai relacionado coa redución nos concellos que posúen unicamente Software Privativo, que se reduce ata o 13,7% (diminución de 9,2 puntos porcentuais), mentres que aumentan os concellos onde soamente dispoñen de Software Libre nos ordenadores ata o 4,8% (medra 2,4 puntos).



SOFTWARE LIBRE / SOFTWARE PRIVATIVO NOS SERVIDORES

EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Concellos con Software Libre / Software privativo nos servidores
(% sobre o total de concellos)



Experimenta tamén un incremento no ano 2017 a presenza de concellos con servidores que posúen ambos tipos de software, acadando o 48,7%, 6,3 puntos máis que no ano 2015.

Do mesmo xeito que acontecía nos ordenadores de usuario, reduciuse a porcentaxe de concellos que soamente empregan Software Privativo, crecendo a porcentaxe de servidores que soamente empregan solucións con licenza libre.




BARREIRAS NO USO DO SOFTWARE LIBRE

EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Barreiras no uso de Software Libre
(% concellos que non contan con software libre)

A falta de formación e a falta de persoal con cualificación axeitada son os argumentos principais polo que os concellos non contan con Software Libre nas súas entidades. Estas dúas causas foron aducidas por máis da metade dos concellos.






SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS LIBRES EN ORDENADORES DE USUARIO E SERVIDORES

CONCELLOS CON SISTEMAS OPERATIVOS LIBRES / APLICACIÓNS LIBRES EN ORDENADORES E SERVIDORES

(% concellos con Software Libre en ordenadores / servidores)



Fonte: OSIMGA

O software libre ten maior implantación nas aplicacións libres que nos sistemas operativos. Así, a porcentaxe de concellos con aplicacións libres duplica á dos que dispoñen de sistemas operativos.




TIPOLOXÍA DE SOFTWARE DISPOÑIBLE EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE USO XERAL

A combinación de software libre e software privativo é a opción máis común en todas as aplicacións informáticas de uso xeral analizadas, agás no caso do antivirus e seguridade, no que é o software privativo o que ten unha maior presenza.

É salientable que no caso dos Navegadores de Internet, a ofimática e o xestor de correo, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.

TIPOLOXIA DE SOFTWARE DISPOÑIBLE EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE USO XERAL

(% concellos que dispoñen da aplicación informática correspondente)




Fonte: OSIMGA



VALORACIÓN GLOBAL DO USO DOS DISTINTOS TIPOS DE SOFTWARE

VALORACIÓN GLOBAL DO USO DOS DISTINTOS TIPOS DE SOFTWARE

Escala empregada: 1 (valor máis baixo) a 10 (valor máis alto)
(Concellos con Software Libre)



A satisfacción respecto ao software empregado, amosa unha mellor puntuación dos concellos de cara ao uso do privativo, cunha nota media do 6,9, lixeiramente superior á valoración obtida polo uso de Software Libre, cunha media de 6,5 puntos.


Fonte: OSIMGA



PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS CONCELLOS EN 1 OU 2 ANOS

PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS CONCELLOS EN 1 OU 2 ANOS

(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA

En liñas xerais, a maioría dos concellos opina que o Software Libre manterá o uso que posúe na actualidade, alo menos durante os próximos dous anos.


Cabe salientar que un 35,4% dos concellos aposta por un aumento do software libre nos ordenadores de usuario nos próximos dous anos



FORMACIÓN INFORMÁTICA RECIBIDA POLO PERSOAL INTERNO DA ENTIDADE NO ÚLTIMO ANO

FORMACIÓN INFORMÁTICA RECIBIDA POLO PERSOAL INTERNO DA ENTIDADE NO ÚLTIMO ANO

(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA

O persoal usuario dos programas, son os principais receptores da formación informática, acadando o 48,7% dos concellos, mentres que no caso de técnicos ou encargados das actividades informáticas, a porcentaxe de concellos que lles ofertaron formación é do 37,6%.


A formación informática impartida ao persoal interno das entidades locais de Galicia durante o 2017 é maior que no ano 2015, aumentando especialmente no caso da formación a persoal usuario dos programas (5 puntos porcentuais).



TIPOLOXÍA DE FORMACIÓN INFORMÁTICA RECIBIDA POLO PERSOAL DA ENTIDADE LOCAL NO ÚLTIMO ANO

TIPOLOXÍA DE FORMACIÓN INFORMÁTICA RECIBIDA POLO PERSOAL DA ENTIDADE LOCAL NO ÚLTIMO ANO

(% concellos con persoal interno que recibiu formación)



Fonte: OSIMGA


Respecto á tipoloxía da formación que foi impartida ao persoal dos concellos galegos, a maioría foi de Software Privativo.



NIVEL DE COÑECEMENTOS DE SOFTWARE LIBRE DOS ENCARGADOS INFORMÁTICOS E PERSOAL USUARIO

NIVEL DE COÑECEMENTOS DE SOFTWARE LIBRE DOS ENCARGADOS INFORMÁTICOS E PERSOAL USUARIO

(puntuación media sobre o total de concellos)




Fonte: OSIMGA

Obsérvase unha gran diferenza en canto ao nivel de coñecemento de software libre en función dos postos laborais, acadando así un 6,3 de nivel de coñecemento medio no caso dos técnicos encargados das actividades informáticas, e reducíndose a un 4,4 no caso do persoal usuario dos programas que non son informáticos.

O nivel de coñecemento de Software Libre nos concellos galegos mantense en valores similares á edición anterior, tanto para os encargados informáticos como para o persoal usuario.



ACCIÓNS COMERCIAIS RECIBIDAS NO ÚLTIMO ANO



Fonte: OSIMGA


As accións comerciais recibidas nos concellos galegos (visitas presenciais, información a través de teléfono, correo, fax, etc.) tanto de provedores novos como dos xa coñecidos experimentaron unha importante redución no ano 2017, especialmente no caso do Software Privativo, onde a diminución de accións comerciais foi de 10,6 puntos.



ACCIÓNS PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NAS ENTIDADES

ACCIÓNS PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NAS ENTIDADES

(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA


A principal acción que se demanda dende os concellos para a promoción do software libre é a formación aos usuarios nesta materia (60,5% dos concellos), seguido polo asesoramento ao caso concreto do concello e as demostracións do propio funcionamento dos produtos de Software Libre con porcentaxe arredor do 51%.



MODALIDADE DO XESTOR DE CONTIDOS DAS ENTIDADES

MODALIDADE DO XESTOR DE CONTIDOS DAS ENTIDADES

(% concellos con xestor de contidos)




No ano 2017 o 44% dos concellos de Galicia que contan cun xestor de contidos de portais e páxinas web optaron pola modalidade de software libre, aínda que en valores inferiores aos que empregan software privativo.



MODALIDADE DOS DOCUMENTOS DESCARGABLES DA PÁXINA WEB

MODALIDADE DOS DOCUMENTOS DESCARGABLES DA PÁXINA WEB

(% concellos que contan cunha páxina web que permite descargar documentos)



Base: Concellos que contan cunha páxina web que permite descargar documentos

O 59,7% dos concellos, que contan na súa páxina web con documentos descargables, opta exclusivamente por estándares abertos, e o 33,9% dos concellos emprega as dúas tipoloxías de estándares mentres que un 6,5% emprega aínda exclusivamente estándares pechados.




3. Conclusións principais





- O **88,2%** dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou servidores, **aumentando 5,6 puntos** porcentuais respecto á edición anterior. Noutra banda, atopamos unha redución do software privativo de 1,8 puntos.
- O software libre ten **maior implantación nas aplicacións libres** que nos sistemas operativos. Así, a porcentaxe de concellos con aplicacións libres duplica á dos que dispoñen de sistemas operativos.
- A **combinación de software libre e software privativo é a opción máis común** en todas as aplicacións informáticas de uso xeral analizadas, agás no caso do antivirus e seguridade, no que é o software privativo o que ten unha maior presenza. É salientable que no caso dos Navegadores de Internet, a ofimática e o xestor de correo, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.
- A **falta de formación e a falta de persoal con cualificación axeitada son os argumentos principais** polo que os concellos non contan con Software Libre nas súas entidades. Estas dúas causas foron aducidas por máis da metade dos concellos.
- En liñas xerais, a maioría dos concellos opina que o Software Libre manterá o uso que posúe na actualidade, alo menos durante os próximos dous anos. Cabe salientar **que un 35,4% dos concellos aposta por un aumento do software libre** nos ordenadores de usuario nos próximos dous anos
- Obsérvase unha **gran diferenza en canto ao nivel de coñecemento de software libre en función dos postos laborais**, acadando así un 6,3 de nivel de coñecemento medio no caso dos técnicos encargados das actividades informáticas, e reducíndose a un 4,4 no caso do persoal usuario dos programas que non son informáticos.
- A **principal acción** que se demanda dende os concellos para a promoción do software libre é a **formación** aos usuarios nesta materia (60,5% dos concellos), seguido polo asesoramento ao caso concreto do concello e as demostracións do propio funcionamento dos produtos de Software Libre con porcentaxe arredor do 51%.
- O **59,7%** dos concellos, que contan na súa páxina web con documentos descargables, opta exclusivamente por **estándares abertos**, e o 33,9% dos concellos emprega as dúas tipoloxías de estándares

galiciã



XUNTA
DE GALICIA